

DEPARTAMENTO DANZA DE CARÁCTER

Mínimos esixibles e criterios de avaliación e cualificación

Curso 2023-24

Índice

1. Danza de carácter (DCA)	3
2. Danza Galega (DGA)	7
3. Introducción á Danza Española e ao Baile Flamenco (IDE)	10



1. Danza de carácter (DCA)

1. Mínimos esixibles DCA

1.1.2. Mínimos esixibles DCA. Curso 1ºGE

- Reproducir e interpretar un exercicio de palmas que marque pautas rítmicas.
Observar que o alumno interioriza o pulso e o ritmo.
- Realizar pequenas variacións que inclúan desprazamentos.
Observar o sentido respecto ao espazo, as dimensións e direccións, sen perder a coordinación e a musicalidade.
- Realizar exercicios de pés cos zapatos de carácter.
Comprobar que os alumnos e alumnas executan con corrección as plantas, tacóns e puntas seguindo as pautas rítmicas e musicais marcadas.
- Realizar exercicios de port de bras típicos da danza rusa.
Comprobar que o alumno traballa o epaulement seguindo o estilo ruso sen perder a colocación do corpo nin a coordinación e musicalidade.
- Realizar camiñadas simples seguindo ritmos binarios.
Constatar a coordinación de movementos e musicalidade no conxunto da execución dos exercicios.
- Realizar exercicios de combinacións de saltos e skips propios do estilo ruso.
Comprobar a coordinación e musicalidade do alumno, así coma a colocación do tronco e os brazos.
- Realizar unha proba teórica.
Preténdese observar o grao de comprensión, aprendizaxe e interiorización da definición de DCA e a súa representación en ballets coma Quebranoces ou Lago dos Cisnes, e os conceptos básicos das danzas rusas.
- Valorar a actitude do alumnado tendo en conta os seguintes ítems:
 - constancia e esforzo
 - grao de participación activa
 - respecto na aula (docentes, compañeiros / as, instalacións)
 - autonomía

Con este criterio, trátase de comprobar o nivel de disciplina acadado polo alumno.

1.1.2. Mínimos esixibles DCA. Curso 2ºGE

- Reproducir e interpretar un exercicio de palmas que marque pautas rítmicas.
Observar que o alumno interioriza o pulso e o ritmo combinando pasos e síncopas.
- Realizar pequenas variacións que inclúan desprazamentos: ritmos e pasos en diagonal, parellas, filas e círculos.
Observar o sentido respecto ao espazo, as dimensións e direccións, sen perder a coordinación e a musicalidade.
- Realizar exercicios de pés cos zapatos de carácter.
Comprobar que os alumnos e alumnas executan con corrección as plantas, tacóns e puntas seguindo as pautas rítmicas e musicais marcadas. (pas de basque e cifras)
- Realizar exercicios de port de bras típicos da danza húngara.
Comprobar que o alumno traballa o epaulement e port de bras seguindo o estilo húngaro sen perder a colocación do corpo nin a coordinación e musicalidade.
- Realizar camiñadas simples seguindo ritmos binarios e ternarios.
Constatar a coordinación de movementos e musicalidade no conxunto da execución dos exercicios.
- Realizar exercicios de combinacións de saltos e picked-up springs propios do estilo húngaro.
Comprobar a coordinación e musicalidade do alumno, así coma a colocación do tronco e os brazos.
- Memorizar variacións coreográficas elaborada con pasos elementais aprendidos nas clases.
Constatar a capacidade de memoria e aprendizaxe a primeira vista do alumno ou alumna.
- Realizar unha proba teórica.
Comprobar que o alumno coñece o orixe e conceptos básicos da Danza Húngara e a súa inclusión nos ballets de repertorio do século XIX.
- Valorar a actitude do alumnado tendo en conta os seguintes ítems:
 - constancia e esforzo
 - grao de participación activa
 - respecto na aula (docentes, compañeiros / as, instalacións)
 - autonomía

Con este criterio, trátase de comprobar o nivel de disciplina acadado polo alumno.

1.1.3. Mínimos esixibles DCA. Curso 2ºGPA

- Realizar exercicios rítmicos cos zapatos de carácter.
Con este criterio, trátase de comprobar a capacidade e destreza do alumno para o uso correcto dos zapatos de carácter.
- Realizar variacións que inclúan os brazos, cabezas e estilo da danza húngara. (Lejtos e promenades)
Con este criterio, comprobarase que o alumno acadou o concepto de estilo necesario para

a danza de carácter no seu conxunto.

-Realizar variacións que inclúan os xiros, cabrioles e combinacións de saltos propias do estilo húngaro.

Con este criterio, comprobarase que o alumno acadou o concepto de estilo necesario para a danza de carácter no seu conxunto.

-Interpretar unha danza húngara.

Valorarase o correcto uso da técnica de pés, a coordinación e musicalidade nos port de bras, epaulements, a adecuación ao estilo, o emprego do espazo e a sensibilidade artística.

-Realizar unha proba teórica que inclúa os conceptos teóricos explicados.

Comprobarase que o alumno coñece e reconece a orixe e conceptos básicos do estilo húngara e a mazurca nos ballets de repertorio.

-Valorar a actitude do alumnado tendo en conta os seguintes ítems:

- constancia e esforzo
- grao de participación activa
- respecto na aula (docentes, compañeiros / as, instalacións)
- autonomía

Con este criterio, trátase de comprobar o nivel de disciplina acadado polo alumno.

1.2. Criterios de cualificación para superar o curso

A) Alumnado con asistencia regular ás clases

ACTITUDE	Grao Elemental: 15%	Grao Profesional 10%
TEORÍA	Grao Elemental: 15%	Grao Profesional 10%
PRÁCTICA	Grao Elemental: 70%	Grao Profesional 80%

A cualificación da 3ª avaliación coincidirá coa avaliación final ordinaria nas materias de danza.

Nas materias especificamente teóricas, a cualificación da avaliación final ordinaria virá determinada polas media (aritmética ou ponderada, segundo corresponda en cada PD) dos tres trimestres.

B) Faltas de asistencia e avaliación

Cando as faltas de asistencia superen o 25% das sesións da materia no período de avaliación, o profesor realizará unha proba previa á sesión de avaliación. Esta proba incluírá os contidos correspondentes ao período de avaliación e permitirá avaliar o nivel de cumprimento dos obxectivos en relación aos criterios de avaliación. A proba consistirá nunha clase de danza que inclúa os contidos correspondentes ao período de avaliación en cuestión. Estes alumnos realizarán un único exame sobre os contidos do trimestre, que constará en dúas partes: - Exame práctico: que suporá un 80% da cualificación. - Exame teórico: que suporá un 20% da

cualificación.. A cualificación final se obterá da suma de ambos apartados sempre e cando se obteña unha cualificación igual ou superior ao 50% do total de dito apartado.

Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

No caso de suspender un trimestre, a parte práctica recuperarase no seguinte, dado o carácter continuo da avaliación. A parte teórica recuperarase a través dunha proba sobre os contidos correspondentes antes da avaliación final ordinaria.

Probas extraordinarias

A estes alumnos se lles fará un único exame que constará de dúas partes: - Exame práctico: que suporá un 80% da cualificación. - Exame teórico: que suporá un 20% da cualificación. O exame práctico consistirá nunha clase que conste de exercicios que se inclúan contidos propios do nivel do curso. O exame teórico consistirá nunha proba oral ou escrita sobre os contidos teóricos especificados para o curso correspondente. A cualificación final se obterá da suma de ambos apartados, sempre que ambos superen o 50% da cualificación por separado.

Alumnado que promociona con materias pendentes

O alumnado de Grao Elemental promocionará ao curso superior cando teña superadas as materias cursadas ou teña avaliación negativa, como máximo, nunha materia, agás que esta sexa a de danza clásica. Neste último suposto, cumprirá repetir a totalidade do curso. A cualificación negativa en dúas ou máis materias dun curso ou de varios impedirá a promoción do alumnado ao curso seguinte. No suposto de alumnado que promociona coa materia de DCA pendente, o alumno e alumna deberá recuperar a materia na clase específica de DCA do curso non acadado. A este alumnado se lle fará un seguimento por parte do profesor que lles de clase no curso actual que, durante o primeiro trimestre, propondrá actividades, traballos e exames que lle permitan aprobar a materia pendente. En caso de non aprobar nin na 1ª nin na 2ª avaliación, realizará, no mes de maio, un exame sobre os contidos correspondente ao curso suspenso.

.- Exame teórico: que suporá un 20% da cualificación.

.- Exame práctico: que suporá un 80% da cualificación.

A cualificación final se obterá da suma de ambos apartados, sempre que ambos superen o 50% da cualificación por separado.



2. Danza Galega (DGA)

2.1 Mínimos esixibles DGA

2.1.1. Mínimos esixibles DGA. Curso 3ºGE

-Demostrar o coñecemento dos picados e puntos básicos de muiñeira e xota.

Este criterio pretende comprobar que o alumnado coñece e executa dentro do ritmo os movementos deste nivel , coordinando as pernas cos brazos.

-Improvisar puntos segundo a estrutura do baile tradicional, na que o alumno será o guía do resto do grupo .

Con este criterio preténdese observar se o alumno indica e executa os movementos empregando o ritmo e o fraseo musical adecuadamente , facendo un correcto uso do espazo.

-Valorar a actitude do alumnado tendo en conta os seguintes ítems:

- constancia e esforzo
- grao de participación activa
- respecto na aula (docentes, compañeiros / as, instalacións)
- autonomía

Con este criterio, trátase de comprobar o nivel de disciplina acadado polo alumno.

-Coñecer os contidos teóricos relacionados coa orixe dos bailes, a indumentaria, os instrumentos e os ritmos básicos.

Con este criterio de avaliación búscase que o alumnado coñeza as danzas tradicionais galegas e que recoñeza os estilos básicos, a través da súa visión e da súa audición.

2.1.2. Mínimos esixibles DGA. Curso 1ºGP

-Coñecer a riqueza e a variedade do folclore galego, a súa orixe, a súa indumentaria e os seus ritmos básicos.

Con este criterio de avaliación búscase que o alumnado coñeza as danzas tradicionais galegas e que recoñeza os estilos básicos, a través da súa visión (traxes e pasos) e da súa audición (ritmos).

-Valorar a actitude do alumnado tendo en conta os seguintes ítems:

- constancia e esforzo
- grao de participación activa
- respecto na aula (docentes, compañeiros / as, instalacións)
- autonomía

Con este criterio, trátase de comprobar o nivel de disciplina acadado polo alumno.

-Executar secuencias de picados e puntos de muiñeira e xota deste nivel en parella e en grupo,

que inclúan cruces e desprazamentos.

Este criterio pretende comprobar que o alumnado coñece e executa con corrección e de xeito coordinado co grupo os movementos propostos, dentro do ritmo e facendo un correcto uso do espazo.

-Improvisar puntos segundo a estrutura do baile tradicional, na que o alumno será o guía do resto do grupo.

Con este criterio preténdese observar se o alumno indica e executa os movementos empregando o ritmo e o fraseo musical adecuadamente, facendo un correcto uso do espazo.

3. Criterios de cualificación para superar o curso

A) Alumnado con asistencia regular ás clases

ACTITUDE	Grao Elemental: 15%	Grao Profesional 10%
TEORÍA	Grao Elemental: 15%	Grao Profesional 10%
PRÁCTICA	Grao Elemental: 70%	Grao Profesional 80%

A cualificación da 3ª avaliación coincidirá coa avaliación final ordinaria nas materias de danza.

Nas materias especificamente teóricas, a cualificación da avaliación final ordinaria virá determinada polas media (aritmética ou ponderada, segundo corresponda en cada PD) dos tres trimestres.

B) Faltas de asistencia e avaliación

Cando as faltas de asistencia superen o 25% das sesións da materia no período de avaliación, o profesor realizará unha proba previa á sesión de avaliación. Esta proba incluírá os contidos correspondentes ao período de avaliación e permitirá avaliar o nivel de cumprimento dos obxectivos en relación aos criterios de avaliación. A proba consistirá nunha clase de danza que inclúa os contidos correspondentes ao período de avaliación en cuestión. Estes alumnos realizarán un único exame sobre os contidos do trimestre, que constará en dúas partes: - Exame práctico: que suporá un 80% da cualificación. - Exame teórico: que suporá un 20% da cualificación.. A cualificación final se obterá da suma de ambos apartados sempre e cando se obteña unha cualificación igual ou superior ao 50% do total de dito apartado.

Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios



No caso de suspender un trimestre, a parte práctica recuperarase no seguinte, dado o carácter continuo da avaliación. A parte teórica recuperarase a través dunha proba sobre os contidos correspondentes antes da avaliación final ordinaria.

Probas extraordinarias

A estes alumnos se lles fará un único exame que constará de dúas partes:.

- Exame práctico: que suporá un 80% da cualificación.
- Exame teórico: que suporá un 20% da cualificación.

O exame práctico consistirá nunha clase que conste de exercicios que se inclúan contidos propios do nivel do curso.

O exame teórico consistirá nunha proba oral ou escrita sobre os contidos teóricos especificados para o curso correspondente.

A cualificación final se obterá da suma de ambos apartados, sempre que ambos superen o 50% da cualificación por separado.

Alumnado que promociona con materias pendentes

O alumnado de Grao Elemental promocionará ao curso superior cando teña superadas as materias cursadas ou teña avaliación negativa, como máximo, nunha materia, agás que esta sexa a de danza clásica. Neste último suposto, cumprirá repetir a totalidade do curso.

A cualificación negativa en dúas ou máis materias dun curso ou de varios impedirá a promoción do alumnado ao curso seguinte.

No suposto de alumnado que promociona a 2º curso de GP coa materia de Danza Galega pendente, o alumno e alumna deberá recuperar a materia na clase específica de Danza Galega.

A este alumnado se lle fará un seguimento por parte do profesor que lles de clase no curso actual que, durante o primeiro trimestre, propondrá actividades, traballos e exames que lle permitan aprobar a materia pendente.

En caso de non aprobar nin na 1ª nin na 2ª avaliación, realizará, no mes de maio, un exame sobre os contidos correspondente ao curso suspenso.

- .- Exame teórico: que suporá un 20% da cualificación.
- .- Exame práctico: que suporá un 80% da cualificación.

A cualificación final se obterá da suma de ambos apartados, sempre que ambos superen o 50% da cualificación por separado.

3. Introducción á Danza Española e ao Baile Flamenco (IDE)

3.1 Mínimos esixibles IDE. Curso 4ºGE

-Coñecer a importancia da Danza Española e das súas catro vertientes dentro do mundo da Danza elaborando un traballo teórico sobre a Danza Española en xeral.

-Valorar a actitude do alumnado tendo en conta os seguintes ítems:

- constancia e esforzo
- grao de participación activa
- respecto na aula (docentes, compañeiros / as, instalacións)
- autonomía

Con este criterio, trátase de comprobar o nivel de disciplina acadado polo alumno.

- Executar exercicios que inclúan combinacións de pasos e zapateados básicos así como posicións de brazos e mans.

Con este criterio preténdese observar se o alumno executa os movementos empregando o ritmo adecuadamente e un correcto uso do espazo.

-Demostrar o coñecemento básico dos ritmos flamencos binarios e ternarios.

Este criterio pretende comprobar que o alumno reconece os principais compases flamencos.

3.2. Criterios de cualificación para superar o curso

A) Alumnado con asistencia regular ás clases

ACTITUDE	Grao Elemental: 15%	Grao Profesional 10%
TEORÍA	Grao Elemental: 15%	Grao Profesional 10%
PRÁCTICA	Grao Elemental: 70%	Grao Profesional 80%

A cualificación da 3ª avaliación coincidirá coa avaliación final ordinaria nas materias de danza.

Nas materias especificamente teóricas, a cualificación da avaliación final ordinaria virá determinada polas media (aritmética ou ponderada, segundo corresponda en cada PD) dos tres trimestres.

B) Faltas de asistencia e avaliación.

Cando as faltas de asistencia superen o 25% das sesións da materia no período de avaliación, o profesor realizará unha proba previa á sesión de avaliación.



Esta proba incluíra os contidos correspondentes ao período de avaliación e permitirá avaliar o nivel de cumprimento dos obxectivos en relación aos criterios de avaliación.

A proba consistirá nunha clase de danza que inclúa os contidos correspondentes ao período de avaliación en cuestión.

Estes alumnos realizarán un único exame sobre os contidos do trimestre, que constará en dúas partes:

- Exame práctico: que suporá un 80% da cualificación.
- Exame teórico: que suporá un 20% da cualificación.

A cualificación final se obterá da suma de ambos apartados sempre e cando se obteña unha cualificación igual ou superior ao 50% do total de dito apartado.

Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

No caso de suspender un trimestre, a parte práctica recuperarase no seguinte, dado o carácter continuo da avaliación. A parte teórica recuperarase a través dunha proba sobre os contidos correspondentes antes da avaliación final ordinaria.

Probas extraordinarias

A estes alumnos se lles fará un único exame que constará de dúas partes:

- Exame práctico: que suporá un 80% da cualificación.
- Exame teórico: que suporá un 20% da cualificación.

O exame práctico consistirá nunha clase que conste de exercicios que se inclúan contidos propios do nivel do curso.

O exame teórico consistirá nunha proba oral ou escrita sobre os contidos teóricos especificados para o curso correspondente.

A cualificación final se obterá da suma de ambos apartados, sempre que ambos superen o 50% da cualificación por separado.

Alumnado que promociona con materias pendentes

O alumnado que ao remate de cuarto curso tivese pendente de avaliación positiva dúas ou máis materias deberá repetir o curso na súa totalidade.

Cando a cualificación negativa se produza nunha materia, só será necesario realizar a materia pendente.

No suposto de alumnado que promociona coa materia de IDE pendente, o alumno e alumna deberá recuperar a materia na clase específica.

A este alumnado se lle fará un seguimento por parte do profesor que lles de clase no curso actual que, durante o primeiro trimestre, propondrá actividades, traballos e exames que lle permitan



aprobar a materia pendente.

En caso de non aprobar nin na 1ª nin na 2ª avaliación, realizará, no mes de maio, un exame sobre os contidos correspondente ao curso suspenso.

- .- Exame teórico: que suporá un 20% da cualificación.
- .- Exame práctico: que suporá un 80% da cualificación.

A cualificación final se obterá da suma de ambos apartados, sempre que ambos superen o 50% da cualificación por separado.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES